

# Polideportivo

**13, 14 E 15 DE ABRIL**  
**TORNEO INTERNACIONAL DE BASKET FEMININO**

## XIII LOURENZÁ EN XOGO

**ORGANIZA:**  
**ED LOURENZÁ**  
E. D. LOURENZÁ

**PATROCINA:**  
ED LOURENZÁ  
KORNERO DE OLEICHT  
CASA BUNIA  
Coca-Cola

**CATEGORÍA SENIOR**

| Nº | EQUIPO               | LOCALIDAD | COM.            |
|----|----------------------|-----------|-----------------|
| 1  | CORAZONISTAS MADRID  | MADRID    | COM. MADRID     |
| 2  | QUART VALENCIA       | VALENCIA  | COM. VALENCIANA |
| 3  | 6.25 PONFERRADA      | LEÓN      | CASTELA LEÓN    |
| 4  | CORAZONISTAS VITORIA | ALAVA     | PAIS VASCO      |
| 5  | MUEBLES HUERTAS      | LOURENZÁ  | GALICIA         |

**CATEGORÍA JUNIOR**

| Nº | EQUIPO               | LOCALIDAD | COM.            |
|----|----------------------|-----------|-----------------|
| 1  | S. CORAZÓN GODELLA   | VALENCIA  | COM. VALENCIANA |
| 2  | CB BALMASEDA         | BIZKAIA   | PAIS VASCO      |
| 3  | CORAZONISTAS VITORIA | ALAVA     | PAIS VASCO      |
| 4  | C.B. PONTUMIO        | A. CORUÑA | GALICIA         |
| 5  | CB. ARABA VITORIA    | ALAVA     | PAIS VASCO      |
| 6  | ENSINO LUGO          | LUGO      | GALICIA         |

**CATEGORÍA CADETE**

| Nº | EQUIPO               | LOCALIDAD | COM.            |
|----|----------------------|-----------|-----------------|
| 1  | S. CORAZÓN GODELLA   | VALENCIA  | COM. VALENCIANA |
| 2  | 6.25 PONFERRADA      | LEÓN      | CASTELA LEÓN    |
| 3  | C.B. ARABA VITORIA   | ALAVA     | PAIS VASCO      |
| 4  | C.B. MAZAGÓN         | HUELVA    | ANDALUCÍA       |
| 5  | DOSA SALESIANOS      | BARAKALDO | PAIS VASCO      |
| 6  | SANTUTXU             | BIZKAIA   | PAIS VASCO      |
| 7  | CORAZONISTAS VITORIA | ALAVA     | PAIS VASCO      |
| 8  | ENSINO LUGO          | LUGO      | GALICIA         |

**CATEGORÍA INFANTIL**

| Nº | EQUIPO            | LOCALIDAD | COM.         |
|----|-------------------|-----------|--------------|
| 1  | SANTUTXU BIZKAIA  | BIZKAIA   | PAIS VASCO   |
| 2  | BALMASEDA         | BIZKAIA   | PAIS VASCO   |
| 3  | DEPORDIMA         | OURENSE   | GALICIA      |
| 4  | 6.25 PONFERRADA A | LEÓN      | CASTELA LEÓN |
| 5  | 6.25 PONFERRADA B | LEÓN      | CASTELA LEÓN |
| 6  | CB ARABA VITORIA  | ALAVA     | PAIS VASCO   |
| 7  | CB DE LEÇA        | LEÇA      | PORTUGAL     |
| 8  | RIVEIRA BASKET    | A. CORUÑA | PAIS VASCO   |
| 9  | TERRAS DA MARINHA | LOURENZÁ  | GALICIA      |

**SOCIOS INSTITUCIONAIS:**  
EXCAVACIONES RAMSEI  
TALLERES CARDI  
MUEBLES HUERTAS  
CONSTRUCCIONES AILGACONS  
MADERAS BARCIA  
PANADERIA NELLI  
CERVECERIA ABADIA  
O REI DAS TARTAS  
TERRAS DA MARINA SOC. COOP. GALEGA

## BÁDMINTON

### Fase local Lemos en Chantada

Deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete do sur da provincia competirán por clasificarse para a fase provincial do torneo organizado no marco do programa de deporte escolar Xogade

## NATACIÓN

### Liga Galega de Figuras de Nivel

Esta tarde dispútase na piscina da Friga a terceira e última xornada da Liga Galega de Figuras de Nivel. O CN Portamiñá será o anfitrión é único representante da provincia na competición, que reunirá 100 nadadoras

## Partidos destacados

**HOXE 17:30h.** FÚTBOL SALA  
2º DIVISIÓN, Burela - Noia

**HOXE 20:00h.** FÚTBOL SALA  
1º DIVISIÓN FEMININA, Burela - At. Futsi

**MAÑÁ 17:00h.** FÚTBOL  
PREFERENTE, Viveiro - Noia

**MAÑÁ 17:30h.** FÚTBOL  
TERCEIRA DIVISIÓN, RC Villalbés - Alondras

## TENIS

### Open de Semana Santa

O Centro Deportivo D10 organiza a segunda edición do seu Open de Semana Santa, que arrincará o vindeiro mércores 17 coa disputa da fase previa que se prolongará, en función dos inscritos, ata ao venres



## BALONMÁN

### COMPETICIÓNS

| CAT.      | LOCAL      | VISITANTE | LUGAR        | DATA          |
|-----------|------------|-----------|--------------|---------------|
| 2ª Aut. M | BM Chapela | BM Lucus  | PM Chapela   | Mañá, 12:30h  |
| 2ª Inf. M | BM Lucus   | Arteixo   | Casa Deporte | Hoxe, 10:30 h |

## XADREZ

### Do 13 ao 19 de abril. Padrón CAMPIONATOS GALEGOS

Desde onte e ata o vindeiro venres dispútanse no Hotel Scala de Padrón os campionatos galegos de xadrez nas categorías sub-8, sub-10, sub-12, sub-16 e absolutas con representación de xogadores e xogadoras das escolas e clubs lucenses.

## TENIS MESA

### COMPETICIÓNS

| CAT.      | LOCAL         | VISITANTE  | LUGAR  | DATA         |
|-----------|---------------|------------|--------|--------------|
| 1ª Nac. M | CTM Milagrosa | Torresport | Frigsa | Mañá, 10:00h |
| 1ª Nac. M | Dez Portas    | Torresprt  | Frigsa | Hoxe, 17:00h |

## BÁDMINTON

### Hoxe. Chantada FASE LOCAL LEMOS

O pavillón de Chantada acolle hoxe a disputa da fase local do campionato escolar de bádminton. Deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete do sur da provincia competirán por clasificarse para a fase provincial do torneo organizado no marco do programa de deporte escolar Xogade.

## VOLEIBOL



### Hoxe. Pontevedra e Boiro CAMPIONATO GALEGO INFANTIL

Os equipos infantís de Emevé e Korbis disputan hoxe en Pontevedra e Boiro as fases finais polo título galego.

Lucenses e monfortinas optan ao trono na categoría feminina, que se xoga en Pontevedra. O Emevé medirase en semifinais a Calasancias Coruña ás 12:00 horas mentres que o Korbis se enfrontará ao CVP Gómez Lor Multiópticas, primeiro na liga regular, ás 10:00 horas.

Na categoría masculina, en Boiro, o Emevé xógase o pase a final contra o Jealsa Boiro ás 10:00 horas mentres que o Korbis, que pelexará pola praza ás 12:00 horas ante o Kiness Fisioterapia Oleiros.

## KARATE

### Hoxe e mañá. Albacete CAMPIONATO ESPAÑA INFANTIL

Nove deportistas do club lucense Shihan participan esta fin de semana coa selección galega no Campionato de España Infantil que se disputa en Aranda, en Albacete.

## FÚTBOL SALA



### Hoxe. Burela BURELA FS

Vista Alegre prepárase para unha tarde histórica na que os equipos do Burela FS se xogan o título de Primeira División Feminina e o Ascenso á Primeira División Masculina.

O conxunto feminino disputará unha final polo título de Primeira División ante o outro aspirante, o Atlético Futsi Navalcarnero. As "guerreiras" aventaxan en tres puntos ás madrileñas, polo que mesmo un empate podería ser suficiente para acadar o seu obxectivo, pero de perder igualarían a tantos e cederían o goal-verage particular.

O equipo masculino, que recibe ao Noia Portus Apostoli, ten a tiro o ascenso á Primeira División. Os discípulos de Juanma Marrube poderían sumar hoxe mesmo o punto que lles falta para promocionar directamente á máxima categoría. Se non, terían por diante outras dúas xornadas. a taquilla abrirase a partir das 16.30 horas.

As localidades custarán dez euros para os non asociados, de balde para os menores de idade.

### COMPETICIÓNS

| CAT.      | LOCAL         | VISITANTE       | LUGAR          | DATA         |
|-----------|---------------|-----------------|----------------|--------------|
| 1ª Div. F | Burela FS     | Navalcarnero    | Vista Alegre   | Hoxe, 20:30h |
| 2ª Div. M | Burela FS     | Noia            | Vista Alegre   | Hoxe, 17:30h |
| DH Xuv.   | Vigo 2015     | Prone Lugo      | PU Vigo        | Mañá, 12:00h |
| DH Xuv.   | Bueu          | Burela FS       | Pablo Herbello | Mañá, 12:30h |
| DH Xuv.   | Begonte       | Troula Betanzos | P. Baamonde    | Mañá, 12:30h |
| 3ª Div.   | Vilalba FS    | Carballiño      | PM Vilalba     | Hoxe, 17:00h |
| Pref. M   | Lugo Sala     | Troula Betanzos | PM Deportes    | Hoxe, 20:00h |
| Pref. F   | Castro        | Amarelle        | PM Castro      | Hoxe, 16:30h |
| Pref. F   | L. Pontevedra | Vilalba FS      | Montecarrasco  | Hoxe, 17:00h |
| Xuv. M    | Vilalba FS    | Red Blue Coruña | PM Vilalba     | Hoxe, 16:30h |

## NATACIÓN

### Hoxe. Lugo LIGA GALEGA FIGURAS DE NIVEL

Esta tarde dispútanse na piscina da Friga a terceira e última xornada da Liga Galega de Figuras de Nivel. O CN Portamiñá será o anfitrión é unico representante da provincia na competición, que reunirá 100 nadadoras das categorías alevín e benxamín.

Ademais do club lucense, participan na competición Galaico Sincro, Rela Club Nautico Vigo, Sincro Ourense, Sincro Pontevedra e Sincro Ferrol. Ao final da xornada, coñeceranse as campioas galegas da modalidade.

### Hoxe. Xove e Monforte LIGA ALEVÍN E BENXAMÍN

Por outro lado, as piscinas de Xove e Monforte acollen tamén esta tarde a disputa da quinta xornada das ligas alevín e benxamín polo que, repartidos entre as dúas sedes, estarán en competición equipos dos catro clubs lucenses CN Xove, CN Fluvial de Lugo e CN Portamiñá e CN Monforte

## MOTOCICLISMO

### Mañá. Outeiro de Rei VF CHALLENGE

O circuito de Robra, en Outeiro de Rei, acolle durante a fin de semana unha competición moi organizada polo Motoclub VFM a VF Challenge. Trátase do trofeo federado de ámbito social que se celebra en diferentes circuitos de Galicia, na celebración de competicións de GP Sport, Minimoto, Supermoto, Minivelocidad, Motos Clásicas e Minimotard adultos, nas que os pilotos poden sumar puntos para o campionato de Asturias de velocidade. Os adestramentos desenvolveranse hoxe en horario de 10:00 horas a 19:00 horas e as carreiras celebraran mañá a partir das 11:00 horas.

## ATLETISMO

### Hoxe. Mondoñedo FINAL PROVINCIAL DUATLÓN ESCOLAR

Un centenar de deportistas de AD San Roque Viveiro, Tri-Penta Terras de Lugo, AD Salto do Coro, San Ramón de Vilalba, ED Lourenz e Verxel Nutrición Deportiva participan na final provincial escolar de duatlón que se celebra hoxe en Mondoñedo.

O campionato acolle participantes das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, que saíran, de forma escalonada, a partir das 16:30 horas no Viñas da Veiga. categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, con salidas sucesivas, desde Viñas da Veiga, a partir de las 16.30 horas. A distancia a recorrer son diferentes en función das categorías:

Benxamín: 500 metros de carreira a pé, 2.000 metros de bicicleta e 250 metros finais de carreira a pé  
Alevín: 1.000 metros de carreira a pé, 4.000 metros de bicicleta e 500 metros finais de carreira a pé  
Infantil: 1.500 metros de carreira a pé 6.000 metros de bicicleta e 750 metros finais de carreira a pé.  
Cadete: 2.000 metros de carreira a pé, 8.000 metros de bicicleta e 1.000 metros finais de carreira a pé.

Os oito primeiros clasificados por categoría e sexo participarán na final galega. A entrega de premios está prevista para las 18.45 horas.

### Hoxe. Viveiro TRAINING CAMOVI

Hoxe celébrase o cuarto e último training solidario de preparación da CAMOVI de Viveiro. Medio centenar de deportistas inscríbense para participar neste adestramento conxunto no que se recaudan fondos para a Asociación Española Contra o Cancro.

Os participantes realizarán un percorrido de 21 quilómetros por parte do circuito no que o vindeiro 27 de abril se celebrará a carreira, con saída no Naseiro e paso por Tronos, Aralde, A Carreira, Rego das Varas, Bucle Penedo, Alto do Penedo, Trasposta, As Cortes e Nain, ata Viveiro. Haberá dous ou tres grupos de nivel, cos seus respectivos guías. Ao rematar o adestramento haberá froita e auga para todos os participantes

### Hoxe. Lugo CORRE CON NÓS

Hoxe dispútanse a cuarta proba do Circuito Larsa Corre con Nós, a carreira Corre con Elas, coa que se pretende dar visibilidade e promocionar a presenza da muller no deporte. Trátase dun dos percorridos máis fermosos do circuito no entorno de Ombreiro.

O trazado, por asfalto e sinuoso, comeza en lixeira pendente para baixar novamente. Os corredores e corredoras van formando unha grande fila cara o punto de retorno, a partir do cal se van atopando de cara os que van cos que veñen, baixo a vexetación que adorna un paseo moi empregado por amantes do deporte e pola cidadanía en xeral.

A saída estará no parking inferior do Anxo Carro. As probas arrancarán ás 17:00 horas, coa carreiras dos minibenxamíns. Benxamíns e alevíns partirán ás 17:10 e infantís e cadete ás 17:20 horas. A proba absoluta comezará ás 17:45 horas. Haberá duchas a disposición dos participantes nas instalacións do polideportivo do Palomar.

O circuito, ao que lle quedan por diante outras dúas probas, conta este ano con máis de 2.600 corredores e corredoras inscritos.

### Hoxe. Lugo CARREIRA POPULAR FEIRA DO VIÑO

O vindeiro venres celébrase en Quiroga a decimo quinta edición desta proba popular, aberta á participación de corredores e corredoras de todas as idades. A carreira contará con diferentes distancias segundo as categorías, desde os 100 metros para os Pitufos (nados en 2015 e posteriores) ata os nove quilómetros do percorrido cos que contará a proba absoluta.

A saída será ás 17:00 horas na Praza do Concello, a partir das 16:15, de forma escalonada para as categorías inferiores, e ás 17:00 horas para a proba absoluta. As inscricións poden realizarse ata o mércores na web [championchipnorte.com](http://championchipnorte.com)

## CICLISMO

### Mañá. Castro KEDADA BTT CASTRO

O club ciclista BTT Castro celebra mañá a cuarta edición da súa quedada anual, que leva o nome de Kdd BTTCastro.

A proba consistirá nunha ruta cicloturista polo Concello de Castro de Rei que non terá carácter competitivo, polo que non será cronometrada. O obxectivo da actividade é dar a coñecer o club e promocionar o ciclismo e o concello, polo que o trazado non presenta moitas dificultades técnicas.

A organización lembra, que non terá asistencia polo que cada un debe estar en condicións de rematar a proba e levar os repostos que considere necesarios (cámara, parches, bomba de aire, etc...)





# CORRE CON NÓS



— 2019 —

4ª proba - OMBREIRO - hoxe



# CORRE CON ELAS



## OS PRIMEIROS OBRADOIROS EN GALICIA



# O programa Gira Mujeres chega a Lugo



**OS PRIMEIROS OBRADOIROS EN GALICIA** orientados ao emprendemento feminino



*Trátase dun programa de mellora da empleabilidade e impulso ao emprendemento que busca **ofrecer ás mulleres capacitación e formación para o seu desenvolvemento laboral***

*A terceira edición do proxecto **VIRA Mulleres de Coca-Cola** chega a Lugo co seu programa "Viaxe ao emprendemento"*

O CEI Nodus acolleu esta semana un obradoiro dirixido a mulleres interesadas en emprender e desenvolver unha idea de negocio vinculada ao sector da alimentación e das bebidas.

As accións formativas, promovidas no marco do programa Gira Mujeres de Coca Cola, ofrecen ás participantes a posibilidade de encontrar unha oportunidade de desenvolvemento profesional. O obxectivo é mellorar a probabilidade de acceso ao emprego da poboación feminina, contribuíndo a reducir a fenda de xénero neste ámbito.

Nesta primeira fase, as asistentes recibiron dez horas de formación presencial dirixidas a axudarlles a identificar e concretar os seus

proxectos. O módulo complementábase con trinta horas de formación online nas que se desenvolve, de forma máis concreta, a idea de negocio.

As iniciativas pasan un proceso de selección no que se elixen as tres propostas máis innovadoras entre as que se presenten en toda España. As emprendedoras que pasan a criba final reciben seis meses máis de mentoría e un capital de apoio por valor de 3.000 euros.

Lugo foi a primeira parada en Galicia deste programa que se pon en marcha por terceiro ano consecutivo en localidades de toda España, con distintos itinerarios formativos. Nas vindeiras semanas, o módulo, que tamén se impartiu en Santiago

de Compostela, desenvolverase en Vigo e na Coruña.

"O programa axuda a moitas mulleres a reforzar a súa autoconfianza, tanto coas sesións de formación como co apoio de persoas expertas. Iniciativas como estas promovidas por empresas e postas en marcha por entidades expertas son clave para ir dando pasos encamiñados á igualdade real e efectiva de oportunidades", sinala Estefanía Abelenda, técnica en intervención social de Fundación Mujeres, que se encarga de impartir os obradoiros.

Gira Mujeres O programa GIRA Mujeres, cofinanciado por The Coca-Cola Foundation, propón diferentes itinerarios formativos orientados a desenvolver os talentos

e as capacidades das mulleres para facilitar o seu avance profesional.

Ademais da modalidade impartida en Lugo, dirixida a persoas que non teñen desenvolvida unha idea de negocio, ofrece obradoiros destinados a mulleres que buscan emprego por conta allea ou a empresarias que xa puxeron en marcha a súa idea de negocio.

Nas dúas edicións postas en marcha ata o momento, o proxecto formou 9.200 mulleres en 375 localidades de toda España.

Gira Mujeres é unha das accións promovidas por Coca Cola no marco do acordo global '5by20', polo que a empresa se compromete a empoderar a 5 millóns de mulleres para 2020 en todo o mundo.

*En total, máis de **9.200 mulleres participaron nas dúas edicións de VIRA Mulleres en toda España***



ORGANIZA



Concello de Lugo  
Concellería de Deportes



Vanessa Martínez  
estilistas

Sodes todas  
unhas  
**GAÑADORAS!!!**

PATROCINA





## RECORRIDO "CORRE CON ELAS"

### MINIBENXAMÍN • 340 metros



**MINIBENXAMÍN** (2012 ata 2014)

**13/04/2019 || 17:00 h.**

DISTANCIA **340 metros**

### BENXAMÍN E ALEVÍN • 1000 metros




**BENXAMÍN** (2010/2011) E **ALEVÍN** (2008/2009)

**13/04/2019 || 17:10 h.**

DISTANCIA **1000 metros**

### INFANTIL E CADETE • 2000 metros



**INFANTIL** (2006/2007) E **CADETE** (2004/2005)

**13/04/2019 || 17:20 h.**

DISTANCIA **2000 metros**

### ADULTOS • 6000 metros



**ADULTOS** (2003 e anos anteriores)

**13/04/2019 || 17:45 h.**

DISTANCIA **6000 metros**

#### RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS

Hoxe pola mañá, na tenda de deportes **NDORFINA SPORTS** ( Campo Castelo Nº57. Lugo ), no seu horario comercial.  
**IMPORTANTE: NON SE ENTREGARÁN DORSAIS O MESMO DÍA DAS CARREIRAS POR CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS.**

#### DUCHAS

Haberá duchas a disposición dos participantes no **Polideportivo Palomar**.



# Inicios, rutinas e motivación

## MTC LOURES • Equipo feminino

### Datos do Equipo

#### COMEZO

2015-2016

#### HORARIOS DE ADESTRAMENTOS

Martes 20:30h - 10:30h

Xoves 20:30h - 10:30h

#### PUNTO DE ENCONTRO

As Pedreiras

**“O Corre con Nós fixo que moitas persoas comezasen a correr. Foi pioneiro e fundamental para crear afección. Agora en Lugo hai corredoras con moi bo nivel”**



# As tricampioas do Corre con Nós

**O MTC LOURES** liderou a clasificación de equipos femininos nas tres últimas edicións

A traxectoria MTC Loures acredita o terreo gañado polas mulleres no deporte os últimos anos, co Circuito Larsa Corre con Nós como aliado. Na edición 2015-2016, as corredoras do club tomaron a iniciativa para inscribirse como equipo feminino nas carreiras, en colaboración co Monumental.

Desde aquela, o podio feminino ten donas. O equipo quedou primeiro nas tres últimas edicións. Ademais, no 2016 e no 2017, xa só como MTC Loures, lideraron a clasificación abso-

luta por equipos.

*“Sempre hai a típica rivalidade por quedar na primeira posición. Hai persoas máis competitivas e outras menos pero creo, en xeral, que o que máis se valora é ver como vas mellorando os teus propios tempos. Ao final, as clasificacións dependen tamén dos resultados do resto dos equipos, que poden variar moito en función de quen puntúa. Este ano, por exemplo, nós estamos tendo dificultades para xuntarnos para as carreiras”,* comenta Sonia Vázquez.

Para o ránking por equipos, téñese en conta a puntuación das seis primeiras en chegar á meta. A conciliación do deporte coas obrigacións profesionais e familiares complica a continuidade. *“A maioría temos fillas e fillos, que en moitos casos tamén fan algún deporte, teñen competicións, adestramentos. E ao final, vas deixando o teu un pouco de lado”,* explican.

A axenda das competicións federadas tamén interfere nos plans do equipo, xa que o MTC Loures ten nas súas filas a atletas

con licenza que participan en campionatos galegos e españois como Mariluz Basanta, Emma Iglesias ou Susana Carreira, do Cidade de Lugo Fluvial, campión de España de Triatlón.

#### Un grupo de amigas

As orixes do MTC Loures Feminino están *“nun grupo de boas amigas”* que comparten desde hai anos a afección polo deporte. Algunhas correron xuntas no equipo da USC e mesmo crearon un club, Furafoallas. *“Éso é o máis agradable, saír a correr con xente que coñe-*

*ces e coa que te levas ben, aínda que non sempre podemos coincidir nos adestramentos”.*

O Corre con Nós foi o pegamento que as uniu no equipo e un incentivo para a incorporación doutras corredoras ao grupo, que se foi diversificando. *“Sempre estamos buscando reforzo. Algunhas persoas chegan co obxectivo de estar en forma para o Circuito, e outras simplemente porque lles apetece correr con xente coñecida”,* explican.


As “quedadas” oficiais do equipo, os martes e

os xoves ás 20:30 horas, son abertos a quen queira sumarse.

#### Entorno

Aínda que o punto de encontro son as pistas de atletismo, para os adestramentos aproveitan o cinto verde de Lugo. *“Coa mellora da iluminación no Rato quedou unha zona agradable para correr nun entorno saudable, afastado dos coches. Cando saio do coche, doume conta da sorte que temos respecto doutros lugares, onde so é posible correr por asfalto”,* conclúe.

## VICTORIA VÁZQUEZ • Sénior feminino



As motivacións e expectativas coas que cada corredora ou corredor participa no Corre con Nós son diversas pero, por riba de todo, está o carácter popular da proba, que pretende servir como aliciente para que a cidadanía se achegue ao deporte como hábito de vida saudable.

Victoria Vázquez representa coma ninguén a filosofía que inspirou a posta en marcha do circuito. Participa nas carreiras desde hai tres edicións. Pasou de ir como espectadora a ver á súa familia, a vivir as probas desde dentro.

*“Meu marido, meu fillo, miña nora, meu neto. Todos corren e acabaron liándome, sobre todo o meu neto, que ten dez anos. Fai triatlón no Cidade de*

*Lugo Fluvial. El foi quen máis me motivou”* explica.

*“Cando era máis nova corría bastante, saía pola Muralla, pero unha enfermidade obrigoume a deixalo durante un tempo. Hai tres anos volvin empezar a facer un pouco de exercicio, unha ou dúas veces pola semana, e acabei anotándome ao circuito”,* continúa.

#### “A pechacancelas”

Das primeiras carreiras gardaos mellores recordos. *“Cando empecei dáballes moito xogo aos organizadores, chamábanme a pechacancelas de Penarrubia, porque chegaba de última”,* ri. A naturalidade coa que asumiu o seu rol inicial servíulle para gañarse tamén ao público e ao restos das participantes.

Victoria lembra con emoción a improvisada homenaxe que a organización da proba e as corredoras de Muller en Forma lle

#### NOCTURNA MONUMENTAL

POSTO 740

POSTO SEXO 216

POSTO VETERANO +65 FEM. 1

POSTO 00:26:41

#### ESTRADA RÍO RATO

POSTO 662

POSTO SEXO 197

POSTO VETERANO +65 FEM. 1

POSTO 00:43:43

#### CC AS TERMAS

POSTO 568

POSTO SEXO 164

POSTO VETERANO +65 FEM. 2

POSTO 00:33:46

**“Moita xente que non participaba porque lle daba apuro chegar á meta de última, empezou ao verme a min. Pensarían... Se ela pode facelo, eu tamén”**

fizeron nunha desas carreiras que pechou. *“Estaban alí todas, esperándome na meta, aplaudíndome. Saudámonos, felicítáronme e fixemos unha foto. Foi moi bonito”,* lembra.

A súa espontaneidade conseguiu ademais que máis persoas se animaran a sumarse ao circuito. *“Moita xente que non participaba porque lle daba apuro chegar á meta de última, empezou vir ao verme a min. Téñenmo dito. Pensarían... se ela pode facelo, eu tamén”,* conclúe.

#### Superación

A pesar de que levou a honra de chegar das últimas, agora, explica, *“xa non son a pechacancelas, veñen detrás de min, mellorei uns tres minutos”.*

As súas marcas melloraron a base de adestramentos, polo entorno das Termas e do parque dos bombeiros, ioga e carreiras no Corre con Nós.

Este ano non faltou a ningunha carreira, e hoxe volverá estar na liña de saída, máis motivada ca nunca porque a carreira de

Ombreiro, onde se disputa a cuarta proba do circuito, é das súas favoritas. *“A ver que tal se me dá a costa pola que nos temos que meter agora coas obras”,* apunta.

#### Saúde

*“Cando estas media cansada, baixa psicolóxicamente, pos os tenis, saes a correr, sudas un pouco e vés nova. Para min é a salvación. Se a xente fixese máis deporte evitaríanse moitos antidepressivos”,* aconsella.

# ns das mulleres do circuío

LUCÍA 18 anos



**"O meu primeiro Corre con Nós foi aos seis anos,** antes de empezar a competir en atletismo. Agora vexo as fotos daquela e doume conta de que estaba con persoas que non coñecía e que se converteron nos meus amigos"

PAULA 18 anos



**"Agora compito en fondo e doulle prioridade ás probas federadas,** pero aproveito o Corre con Nós para entrenar. Participei desde pequena co colexio Maristas, **iamos todas as da clase xuntas, boto de menos aquel ambiente"**

MARIÑA 14 anos



**"Practico deporte desde os tres anos,** e atletismo desde hai seis. É unha actividade que engancha moito. O Corre con Nós é unha oportunidade máis para entrenar **Gústame participar porque me permite correr tamén coa familia"**

CARLA 13 anos



**"Comecei no Corre con Nós co Lucas.** Adestramos cinco días á semana e as carreiras son un bo complemento. Aí vou a participar, máis que a gañar. **Recoméndoo porque o deporte é saudable e axuda a coñecer xente"**

SANDRA 46 anos




**"A primeira vez que fun ao Corre con Nós fíxeno medio en broma pero participei durante anos.** A partir de aí, comecei a coñecer xente e a crear o hábito de ir correr, por motivos de saúde, e anoteime no Lugo Running "

ROSALIA 31 anos



**"Participei en todas as carreiras deste ano e tamén estarei na de Ombreiro.** O que máis me gusta do Corre con Nós é o entorno de Lugo, que é ideal para entrenar. Saíu a correr por alí catro ou cinco días á semana"

LAURA 21 anos



**"Practico Kenpo e o atletismo axúdame a estar en mellores condicións físicas . Comecei hai un ano a correr e participei nalgúns probas populares, pero non no Corre con Nós. É o meu próximo obxectivo"**

ANA 38 anos



**"O Corre con Nós enganchoume tanto que acabei entrando na competición.** O atletismo é un deporte moi agradecido, notas as melloras moi pronto. O ano pasado logrei un podio absoluto, que para min foi un gran logro"

MARA 31 anos



**"A semana antes de cada proba saio a correr polo mesmo percorrido para preparala. Fixen deporte en equipo dende nena, pero agora é máis complicado. O Corre con Nós é un aliciente para manterse activa sen grandes esixencias"**

ELISA 67 anos



**"Os circuítos son moi bonitos e o feito de ir en grupo, con Muller en Forma, sempre che dá moito ánimo. Cada unha corre ao seu aire, pero acompañámonos. Eu nunca miro o reloxo ata acabar. Chego cando chego"**



# CLASIFICACIÓNS DO CIRCUÍTO LARSA CORRE CON NÓS 2019

## BENXAMÍN FEMININO

| P.  | Nome      | Apelidos         |
|-----|-----------|------------------|
| 1   | MAR       | ÁLVAREZ APARICIO |
| 14  | LIDIA     | BALSEIRO         |
| 23  | CARLOTA   | MELLA GONZÁLEZ   |
| 28  | CLAUDIA   | MORAN GARCIA     |
| 31  | LUCIA     | CANDO GOMEZ      |
| 41  | DANIELA   | BRUZOS ALONSO    |
| 46  | SILVIA    | CONDE CARRELO    |
| 61  | MARTA     | YÁÑEZ SANTIAGO   |
| 64  | CANDELA   | COSTA CABANA     |
| 67  | SARA      | MUÑOZ FERNÁNDEZ  |
| 75  | NOA       | MEJUTO GOLAN     |
| 80  | NOA       | LOSADA GÓMEZ     |
| 84  | MARÍA     | GRANDAS LÓPEZ    |
| 85  | MARA      | SANTOS           |
| 96  | OLALLA    | SAAVEDRA LOPEZ   |
| 104 | CARLOTA   | CABADO LÓPEZ     |
| 110 | LIAN      | RODRIGUEZ        |
| 111 | BLANCA    | RECAMÁN MEILÁN   |
| 118 | MANUELA   | BOUSO TORRON     |
| 121 | MARINA    | GONZALEZ CENDAN  |
| 125 | KEIRA     | VENTURA LÓPEZ    |
| 131 | IRIA      | FREJO VAZQUEZ    |
| 140 | ALEJANDRA | COTARELO LOPEZ   |
| 143 | EVA       | PUMARES CANCELA  |
| 158 | ALEXIA    | QUINTELA         |
| 169 | OLIVIA    | MILLARES CORIA   |
| 172 | CARLOTA   | VEIGA GUITIÁN    |

## ALEVÍN FEMININO

| P.  | Nome      | Apelidos        |
|-----|-----------|-----------------|
| 4   | MIREIA    | VÁZQUEZ LIZ     |
| 21  | ALDARA    | CEIDE COUCE     |
| 26  | CARMEN    | MARTINEZ        |
| 37  | SAFYA     | MOUMNI RICO     |
| 53  | ILSE      | PRADO CAMBA     |
| 54  | CARLA     | ALLEGUE BLANCO  |
| 70  | IRENE     | VEIGA GUITIÁN   |
| 79  | NOA       | FERNÁNDEZ LÓPEZ |
| 88  | NADIA     | ANDION ALVARIN  |
| 95  | CAROLINA  | GARCÍA GONZÁLEZ |
| 100 | PAULA     | CONDE CARRELO   |
| 102 | JANA S.   | VEIGA NOVO      |
| 115 | LOLA      | GONZÁLEZ BURGO  |
| 119 | CARLA     | CORTON PRADO    |
| 127 | MARTA     | DÍAZ PARDO      |
| 134 | MARTA     | GARCIA-BOENTE   |
| 137 | ADRIANA   | FERNANDEZ       |
| 144 | IRENE     | VILA GONZÁLEZ   |
| 152 | LIDIA     | CASTRO ARIAS    |
| 155 | SILVIA    | LÓPEZ NOVO      |
| 166 | GOYA      | NÚÑEZ SEOANE    |
| 173 | CARLA     | FERNÁNDEZ FOUZ  |
| 177 | AINARA    | FLORES          |
| 180 | NOA       | ESPINO MIÑO     |
| 184 | MARÍA     | CANDAL MARQUÉS  |
| 185 | NOA       | ULLOA VAZQUEZ   |
| 188 | ZELTIA A. | MAGIDE MAZA     |

## INFANTIL FEMININO

| P.  | Nome     | Apelidos         |
|-----|----------|------------------|
| 7   | SARA     | GUEDES           |
| 12  | XELA     | MARTINEZ         |
| 18  | ESTELA   | DIAZ DIAZ        |
| 32  | CARLOTA  | VILANOVA CABANA  |
| 42  | PALOMA   | LOPEZ MORAL      |
| 48  | NOELIA   | REY GAYOSO       |
| 51  | LOURDES  | GARCIA ARRUNADA  |
| 69  | CLAUDIA  | SUFUENTES DIAZ   |
| 73  | CRISTINA | HERRERO PÉREZ    |
| 87  | CARLA    | VAZQUEZ          |
| 90  | ANTÍA    | FERNÁNDEZ LÓPEZ  |
| 92  | ANDREA   | RODRÍGUEZ DORADO |
| 105 | UXÍA     | HERRERO PÉREZ    |
| 108 | ÁNXELA   | MANEIRO PÉREZ    |
| 122 | MENCIA   | REGO VEIGAS      |
| 132 | LAURA    | RAPOSO           |
| 142 | SILVIA   | BESTEIRO REY     |
| 147 | MARTA    | MARIÑO           |
| 150 | ALICIA   | PARDO LOPEZ      |
| 160 | CARLA    | MONTES PAZOS     |
| 165 | LUCIA    | DARRIBA BELMONTE |
| 174 | SOFÍA    | LÓPEZ GÓMEZ      |
| 176 | HAANA    | MATUTE ESTRADA   |
| 179 | MARIA    | RUBINOS RUBINOS  |
| 186 | XIANA    | ULLOA VAZQUEZ    |
| 190 | PAULA    | MASEDA IGLESIA   |
| 196 | SARA     | PORTO CARRASCO   |

## SÉNIOR FEMININO

| P.  | Nome     | Apelidos        |
|-----|----------|-----------------|
| 6   | CARLA    | TRILLO          |
| 44  | LAURA    | SANTIN          |
| 75  | LETICIA  | VIZCAINO CELA   |
| 82  | OLAYA    | VILAREZ VARELA  |
| 107 | MARÍA    | SOUTO PRIETO    |
| 116 | RAQUEL   | GUIZAN CASTRO   |
| 117 | NATALIA  | SANCHEZ SANCHEZ |
| 119 | SILVIA   | LOPEZ OTERO     |
| 152 | RAQUEL   | GRANDIO MONTES  |
| 153 | EVA      | RIOS COBAS      |
| 181 | VANESA   | FERREIRO        |
| 192 | MIRTA    | FLORES CUESTA   |
| 224 | CAROLINE | LOE             |
| 243 | MAITANE  | OBARRIO PALOMO  |
| 261 | SHEILA   | NOVO LÓPEZ      |
| 268 | PATRICIA | LÓPEZ LÓPEZ     |
| 276 | TAMARA   | ROZAS CHOUSEIRO |
| 282 | ROCÍO    | GANDOU SOENGAS  |
| 283 | ROSALÍA  | LÓPEZ LÓPEZ     |
| 289 | MARÍA    | FUCIÑOS PÉREZ   |
| 293 | PAMELA   | PÉREZ RODRÍGUEZ |
| 294 | PAULA    | OTERO SIMÓN     |
| 296 | ANA      | GARCIA MURIAS   |
| 321 | LUCÍA    | PUGA MOSTEIRO   |
| 341 | CANDELA  | GONZALEZ BARRAL |
| 351 | MARIA    | PORTELA BARRAL  |
| 353 | MARÍA    | GONZÁLEZ TRIGO  |

## L. ESCOLAR DECATHLON

| Ptos. | Nome                         |
|-------|------------------------------|
| 48    | CPR PADRES FRANCISCANOS      |
| 43    | CPR M. AUXILIADORA           |
| 45    | CPR MARISTAS-LA INMACULADA   |
| 35    | CEIP ANEXA                   |
| 32    | CPR CERVANTES                |
| 31    | CEIP ILLA VERDE              |
| 29    | CEIP ROSALIA DE CASTRO       |
| 24    | CPR SAN JOSÉ                 |
| 20    | CEIP MENÉNDEZ PELAYO         |
| 20    | CEIP ALBEIROS                |
| 18    | CEIP AS MERCEDES             |
| 18    | CPR SALESIANOS-D. PASTORA    |
| 16    | IES SANXILLAO                |
| 13    | IES LEIRAS PULPEIRO          |
| 13    | IES ÁNHEL FOLE               |
| 11    | IES LUCUS AUGUSTI            |
| 9     | CEIP LUIS PIMENTEL           |
| 6     | CEIP CASÁS                   |
| 6     | CPR GALÉN                    |
| 6     | CPR DIVINO MAESTRO           |
| 5     | CEIP SAGRADO CORAZÓN         |
| 4     | CEIP MANUEL MALLO MALLO      |
| 4     | IES SEÑORA DOS OLLOS GRANDES |
| 2     | CPR FINGOI                   |
| 2     | CEIP A PONTE                 |
| 2     | CEIP PARADAI                 |
| 2     | CEIP QUIROGA BALLESTEROS     |

## CADETE FEMININO

| P. | Nome    | Apelidos        |
|----|---------|-----------------|
| 5  | PAULA   | RODRIGUEZ VEIGA |
| 13 | LUCI    | SANCHEZ VERGE   |
| 16 | SARA    | ÁLVAREZ CIVEIRA |
| 22 | CARLA   | DÍAZ PARDO      |
| 38 | DANIELA | REBOLO MARTINEZ |
| 47 | UXÍA    | PÉREZ FERNÁNDEZ |
| 57 | LARA    | CASTRO DIAZ     |
| 62 | MARTA   | ORTÍZ GONZÁLEZ  |
| 68 | ANGELA  | LÓPEZ RODRIGUEZ |

## XUVENIL FEMININO

| P. | Nome   | Apelidos     |
|----|--------|--------------|
| 9  | MYRIAN | LÓPEZ MULET  |
| 37 | EVA    | FREIRE FDEZ. |

## JÚNIOR FEMININO

| P. | Nome  | Apelidos        |
|----|-------|-----------------|
| 16 | SARA  | LÓSADA ILLANES  |
| 88 | MARTA | MARTÍNEZ TELLEZ |

## VETERANO +60 FEMININO

| P. | Nome      | Apelidos          |
|----|-----------|-------------------|
| 2  | M. CARMEN | RODRÍGUEZ DEL RÍO |
| 30 | CARMEN    | NOVO VARELA       |
| 58 | REMEDIOS  | VIDAL SEOANE      |

## VETERANO +65 FEMININO

| P. | Nome        | Apelidos      |
|----|-------------|---------------|
| 1  | Mª VICTORIA | VÁZQUEZ CANAL |
| 29 | M. CARMEN   | OTERO DÍAZ    |

## PROMESAS FEMININO

| P. | Nome   | Apelidos           |
|----|--------|--------------------|
| 23 | MARTA  | FERNÁNDEZ DÍAZ     |
| 38 | JUDITH | ANSEDES MARTINEZ   |
| 43 | TANIA  | LOPEZ BUSTO        |
| 54 | ANA    | ENRIQUEZ RODRÍGUEZ |
| 84 | KATIA  | ÁLVAREZ MOSQUERA   |

## FAMILIAR CC AS TERMAS

| Ptos. | Nome                   |
|-------|------------------------|
| 7     | Martínez González      |
| 7     | Rego Veigas            |
| 8     | Fernández Díaz         |
| 12    | Darriba                |
| 16    | Conde Carrelo          |
| 18    | Mellis Family          |
| 19    | Herrero Pérez          |
| 25    | Ulla Rozas             |
| 25    | Familia Losada Illanes |
| 26    | Nuñez Ferreiro         |
| 27    | Guizan                 |
| 29    | Souto                  |
| 33    | Ulloa Vazquez          |
| 34    | Álvarez Aparicio       |
| 38    | Pérez Fernández        |
| 42    | Freije Mariño          |
| 43    | Rey Lopez              |
| 43    | Familia Superlópez     |
| 51    | Maneiros               |
| 52    | Freire                 |
| 52    | Mejuto Golan           |
| 55    | Darriba 2              |
| 78    | Álvarez Civeira        |
| 82    | Santos Perez           |
| 98    | Fernandez Peral        |

## VETERANO +35 FEMININO

| P.  | Nome        | Apelidos         |
|-----|-------------|------------------|
| 11  | ANA         | ABUÍN RODRÍGUEZ  |
| 34  | M. CARMEN   | IGLESIAS LOPEZ   |
| 51  | SANDRA      | FERNÁNDEZ YÁÑEZ  |
| 62  | MARÍA JESÚS | CONDE RODRÍGUEZ  |
| 73  | IRIA        | RANCAÑO OTERO    |
| 105 | GEMA        | ABELLEIRA CORRAL |
| 124 | PATRICIA    | RODRIGUEZ FERRO  |
| 125 | OLGA        | PAZ SEÑORANS     |
| 132 | PAULA       | IGLESIAS         |
| 179 | CRISTINA    | GUIZAN CASTRO    |
| 185 | TERESA      | GÓMEZ DÍAZ       |
| 205 | NOEMI       | VILLADONGA       |
| 206 | EVA         | DÍAZ SAN JURJO   |
| 209 | VANESA      | PENA ARGEREY     |
| 216 | AGUEDA      | CUBAS GARCIA     |
| 223 | ANA MARIA   | HERMIDA MEILAN   |
| 230 | REBECA      | CORRAL           |
| 247 | ERIKA       | ARRIBAS          |
| 252 | LAURA       | GONTÁ NOVO       |
| 265 | ARLETH      | TARAZONA AMARIS  |
| 274 | ALMUDENA    | OTERO CASTRO     |
| 275 | M. CARMEN   | CUMBRAOS         |
| 286 | CAROLINA    | CORTON           |
| 288 | CHUS        | BLANCO VENCE     |
| 316 | MARIA LA O  | DE ANDRES        |

## VETERANO +40 FEMININO

| P.  | Nome       | Apelidos         |
|-----|------------|------------------|
| 19  | ANA BELEN  | GONZALEZ         |
| 24  | MARTA      | VALIN SANDEZ     |
| 64  | SUSANA     | CARREIRA         |
| 67  | KARINA     | PASARIN MON      |
| 90  | MARIAN     | BERDEAL CUBA     |
| 91  | CRISTINA   | AZANZA MORENO    |
| 106 | LAURA      | BOUDON LOPEZ     |
| 139 | MARIA      | LÓPEZ PALACIOS   |
| 144 | Mª SONIA   | VÁZQUEZ          |
| 175 | ARANZAZU   | BARRIO           |
| 186 | ESTÍBALIZ  | CASTELAO GARCÍA  |
| 191 | INMACULADA | VÁZQUEZ ABUÍN    |
| 193 | SONIA A.   | ARIAS REGUEIRO   |
| 220 | SILVIA     | FERNÁNDEZ        |
| 239 | HELGA      | PERAL VARELA     |
| 242 | YOLANDA    | GARCIA FERNADEZ  |
| 249 | PATRICIA   | BARREIRA         |
| 255 | MARÍA JOSÉ | FERNÁNDEZ ABUIN  |
